

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, convocado pola Resolución do 4 de maio de 2023.

A Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 196, do 14 de outubro), establece medidas extraordinarias e temporais en materia de emprego público dirixidas a garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega, co fin de impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura, incluída no seu ámbito a categoría de facultativo especialista de atención primaria, e posibilitar a realización do segundo proceso selectivo polo sistema de concurso nesta categoría.

O Decreto 32/2023, do 13 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023, incluíu a oferta de 72 prazas de facultativo/a especialista de atención primaria.

Celebrado o acto de elección de destino convocado pola Resolución do 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 237, do 15 de decembro), resultaron adxudicadas 65 prazas sendo necesaria a resolución do proceso selectivo respecto dos destinos adxudicados dadas as necesidades expostas. Do acto de elección resultaron pendentes de adxudicación 7 prazas.

A base décima da mesma resolución establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino daqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.



Ao abeiro da antedita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a relación actualizada de aspirantes definitivamente seleccionados/as no proceso selectivo e nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, os/as aspirantes que se inclúen no anexo desta resolución.

Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo e declarar finalizado para tales aspirantes o concurso-oposición para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 4 de maio de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 92, do 15 de maio).

Segundo. Este concurso de méritos tramitouse en execución da Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario, e a dita lei, como figura na súa parte expositiva, inclúe no seu artigo 2 unhas garantías para que o persoal seleccionado «se incorpore e permaneza varios anos no desempeño efectivo dos postos adxudicados».

Polo tanto, en cumprimento do que dispón ese artigo 2 e a convocatoria deste concurso de méritos:

a) Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse de modo efectivo e permanente ao servizo activo no destino elixido e adxudicado, tanto na xornada ordinaria nos centros de saúde como na complementaria para prestar servizos de atención continuada nos PAC de referencia.

A falta de incorporación ao destino nesas condicións e prazo, sen causa xustificada, sobrevida á solicitude de participación no concurso, ou de forza maior, impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso.

b) Posteriormente, poderán participar nos concursos de traslados da categoría de facultativo especialista de atención primaria, ou nos sistemas de promoción interna ou provisión



de prazas doutra categoría, cando cumpran os requisitos comúns deses procedementos e acrediten dous anos de permanencia na situación de servizo activo no centro elixido e adxudicado como destino nesta resolución. En consecuencia, deberán ser excluídos de calquera proceso en que estean participando no momento en que se incorporen ao servizo activo como persoal facultativo especialista de atención primaria.

Terceiro. En aplicación da base 10.3 da resolución de convocatoria do proceso, a non incorporación ao servizo activo no destino adxudicado e no prazo establecido impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso. Neste suposto, o órgano convocante seleccionará e nomeará persoal estatutario fixo da categoría novos/as aspirantes, no número que corresponda e pola orde de prelación que resulte da lista definitiva da categoría entre aqueles aspirantes que elixisen os destinos non adxudicados, con independencia da quenda de acceso do aspirante que non se incorporou ao servizo activo. Realizadas estas adxudicacións, publicarase resolución ofertando novamente no acto de elección as seguintes prazas que non resultaron adxudicadas no primeiro acto de elección:

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Centro de saúde	Quenda	PAC de referencia
Ribeira-Aguiño-Corrubedo-Palmeira	Desprazable	Ribeira/A Pobra do Caramiñal do Caramiñal/Boiro

Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Centro de saúde	Quenda	PAC de referencia
A Mezquita	Mañá	Verín/ZEU Gudiña/A Mezquita
A Pobra do Caramiñal de Trives	Mañá	Trives/Castro Caldelas
Calvos de Randín-Baltar	Mañá	Xinzo de Limia/Allariz/Celanova
O Carballiño/Beariz	Mañá	O Carballiño/Ribadavia
Cualedro/Laza	Mañá	Verín/ZEU Gudiña/A Mezquita
Lobios-Entrimo	Mañá	Celanova/Bande
O Carballiño	Desprazable	O Carballiño

Cuarto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as de-



berán realizar, con carácter obrigatorio, e nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, cando conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente convalidada.

Quinto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2024

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Definitivamente seleccionados, nomeamento e adjudicación de destino

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro/s de saúde	Quenda	PAC de referencia
***3380**	Álvarez Pérez, Otilia	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Pobra do Caramiñal de Trives	Mañá	Trives-Castro Caldelas
***7213**	Álvarez Santos, Laura	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Carballiño-Punxín	Mañá	O Carballiño-Ribadavia
***1929**	Barrios García, Nereyda	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Xinzo de Limia	Desprazable	Xinzo de Limia
***1261**	Batan Veiga, Silvia Olalla	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Frades-Ordes	Mañá	Ordes
***8915**	Bermúdez Alcalde, Viviana	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	A Pobra do Caramiñal do Caramiñal	Desprazable	Ribeira-A Pobra do Caramiñal-Boiro
***4864**	Caamaño Fernández, Iria Lucía	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Forcarei	Mañá	Terra de Montes-A Parda
***8239**	Capón Álvarez, Jessica	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Meira	Mañá	Meira-Lugo
***2223**	Carballo García, José Antonio	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Nogueira de Ramuín-Pademe-Allariz	Mañá	Maceda-Ourense-Castro Caldelas
***5597**	Casas Menan, Samuel Agustín	A.S. de Vigo	Covelo	Mañá	Ponteareas-A Cañiza-Vigo
***8048**	Castiñeira Pérez, Sandra	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Viveiro	Mañá	Viveiro-Burela-Ribadeo
***5539**	Chapela Villa, Carlos	A.S. de Vigo	Aldán-O Hío	Mañá	Cangas-Moaña, Redondela-Vigo
***8320**	Dorado Gómez, Miriam	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Rúa-Petín	Mañá	O Barco de Valdeorras-Trives-ZEU, A Veiga e O Bolo
***7939**	Félix Taveras, Indhira Buenaventura	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Xermade	Mañá	Lugo-Vilalba-Outeiro de Rei
***1271**	Fernández Alba, José Luis	A.S. de Vigo	Redondela	Mañá	Redondela, Cangas-Moaña, Vigo
***4676**	Fernández Castro, Marcelino	A.S. de Ferrol	Narón	Mañá	Narón-As Pontes de García Rodríguez -San Sadurniño
***4569**	Fernández López, Noelia	A.S. de Ferrol	Narón	Tarde	Narón-As Pontes de García Rodríguez -San Sadurniño
***4513**	Flores Garnica, Luis Manuel	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Barco de Valdeorras	Desprazable	O Barco de Valdeorras-Trives-ZEU, A Veiga e O Bolo
***5830**	Gacio Pacios, María Remedios	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Rúa-Larouco	Mañá	O Barco de Valdeorras-Trives-ZEU, A Veiga e O Bolo
***5816**	Gómez Villares, Lorena	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Irixo-San Amaro	Mañá	O Carballiño-Ribadavia



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro/s de saúde	Quenda	PAC de referencia
***1159**	González Caínzos, Laura	A.S. de Ferrol	UAP F.M.	Desprazable	Ferrol-Fene-Pontedeume
***2105**	González Feijoo, María José	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Coles-Piñor	Mañá	Coles-Ourense
***5612**	González López, Arturo	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Punxín-San Amaro	Mañá	O Carballiño-Ribadavia
***5179**	Gorgojo Villán, José Matías	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Burela	Mañá	Burela-Ribadeo-Viveiro
***4658**	Jiménez Cruceta, Ana Luisa	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Ribeira-Aguiño-Corrubedo-Palmeira	Desprazable	Ribeira-A Pobra do Caramiñal-Boiro
***5650**	Lema Fernández, Alberto	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Boiro	Tarde	Ribeira-A Pobra do Caramiñal-Boiro
***0063**	Lema Trillo, José Aurelio	A.S. da Coruña e Cee	Vimianzo	Mañá	Vimianzo-Cee
***4909**	Liriano Reyes, Ana Josefina	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Gudiña	Mañá	Verín-ZEU Gudiña-A Mezquita
***8322**	Lobo Martínez, Raquel	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	O Vicedo	Mañá	Viveiro-Burela-Ribadeo
***5973**	López Díaz, Juan José	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Guntín	Mañá	Guntín-Lugo
***5790**	López Domínguez, María Pilar	A.S. de Ferrol	Narón	Mañá	Narón-As Pontes de García Rodríguez -San Sadurniño
***6463**	López Ferro, Tania	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Boiro-Cabo de Cruz	Mañá	Ribeira-A Pobra do Caramiñal-Boiro
***8239**	López García, José Luis	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Pedrafita do Cebreiro	Mañá	Becerreá-O Corgo
***5909**	López Gómez, Beatriz	A.S. de Vigo	Arbo	Mañá	A Cañiza-Ponteareas-Vigo
***2004**	López Rosell, Javier	A.S. de Pontevedra e O Salnés	San Roque	Tarde	Vilagarcía-Caldas de Reis
***3880**	López Silva, Laura	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Castro Ribeiras de Lea	Mañá	Meira-Palas de Rei
***8453**	Luaces Méndez, Rafael	A.S. de Pontevedra e O Salnés	O Grove	Mañá	O Grove-Sanxenxo
***4477**	Macaya Ortiz, María Asunción	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Teo-Cacheiras	Tarde	Santiago- A Estrada
***1477**	Matías González, Eva	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Carballeda de Valdeorras-Rubíá	Mañá	O Barco de Valdeorras-Trives-ZEU, A Veiga e O Bolo
***3589**	Míguez Labandeira, José Gregorio	A.S. de Vigo	Pazos-Fornelos	Mañá	Redondela, Cangas-Moaña, Vigo
***1580**	Molano Zarate, Rubén Eduardo	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Sarria	Mañá	Sarria-Lugo
***0551**	Noriega Sánchez, Martiño	A.S. da Coruña e Cee	Laxe	Mañá	Ponteceso-Cee
***2020**	O'Farrill Ordóñez, Gabina Mayra	A.S. da Coruña e Cee	Arteixo	Desprazable	Arteixo-A Coruña
***3293**	Ocampo Fontangordo, Marta	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Santa Comba	Mañá	Santa Comba



DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro/s de saúde	Quenda	PAC de referencia
***8975**	Otero Fernández, David	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Rianxo	Desprazable	Rianxo-Valga-Padrón
***4847**	Otero Rivas, Pedro José	A.S. de Vigo	Ponteareas	Desprazable	Ponteareas-A Cañiza-Vigo
***9325**	Palma Rodríguez, María Esther	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Baralla	Mañá	O Corgo-Lugo
***1765**	Pereiras Maceira, María del Carmen	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Mesía-Xanceda	Mañá	Ordes
***3577**	Pérez Álvarez, Noelia	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Lobeira-Bande	Mañá	Celanova-Bande
***8173**	Quinteiro Seoane, Carolina	A.S. de Vigo	Redondela	Mañá	Redondela, Cangas-Moaña, Vigo
***3277**	Quiroga Fernández, Carlota	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Viana Bolo-Vilaríño de Conso	Mañá	Viana do Bolo
***8578**	Saco Díaz, Daniel	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Barco de Valdeorras	Mañá	O Barco de Valdeorras-Trives-ZEU, A Veiga e O Bolo
***7861**	Sánchez Novo, Juan Antonio	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Trazo-Agro do Mestre	Mañá	Ordes-Santiago
***6814**	Silva Porto, Cristina	A.S. de Pontevedra e O Salnés	San Roque	Tarde	Vilagarcía-Caldas de Reis
***0189**	Sotelo García, César Oliver	A.S. de Ferrol	As Pontes de García Rodríguez	Desprazable	As Pontes de García Rodríguez-Narón-San Sadurniño
***9087**	Tanoira Carballo, María Gabriela	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Rianxo	Desprazable	Rianxo-Valga-Padrón
***3581**	Teijo Figueiras, Pilar	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Noia	Mañá	Noia-Muros
***8424**	Trelles Díaz, Laura	A.S. de Ferrol	UAP F.M.	Tarde	Ferrol-Fene-Pontedeume
***2179**	Varela Mariño, María	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Catoira	Mañá	Vilagarcía
***3236**	Vázquez Zaballos, José María	A.S. de Ferrol	Ares	Mañá	Fene-Pontedeume-Ferrol
***8088**	Vilchez Dosantos, Sandra	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Verín-Laza	Mañá	Verín-ZEU Gudiña-A Mezquita
***0484**	Villamarín Bello, María Beatriz	A.S. de Ferrol	Narón	Desprazable	Narón-As Pontes de García Rodríguez-San Sadurniño
***4022**	Viña Seren, María de los Ángeles	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Desprazable	Monforte
***5233**	Viqueira Queijas, Tania	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Boiro	Desprazable	Ribeira-A Pobra do Caramiñal-Boiro
***9697**	Yañez Freire, Sandra	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Esteiro-Muros	Mañá	Muros-Noia